

Comisión Técnica do Máster en Computación de Altas Prestacións

Seguindo as directrices indicadas na memoria de verificación do máster, constitúese a Comisión Técnica do Máster en Computación de Altas Prestacións na súa reunión do día 14 de outubro de 2010, formada por:

- Tomás Fernández Pena (en substitución de Montserrat Bóo Cepeda dende o 1 de febreiro de 2011), coordinador do máster pola USC, universidade coordinadora do mesmo, que actuará como Presidente da Comisión
- Patricia González Gómez, coordinadora do máster pola UDC, que actuará como Secretaria da Comisión
- Javier Díaz Bruguera, representante do profesorado da USC no máster, vogal
- Ramón Doallo Biempica, representante do profesorado da UDC no máster, vogal
- Francisco Fernández Rivera, representante do profesorado da USC no máster, vogal
- Andrés Gómez Tato, representante do profesorado do CESGA no máster, vogal
- Ignacio López Cabido, representante do profesorado do CESGA no máster, vogal
- Juan Touriño Domínguez, representante do profesorado da UDC no máster, vogal

A Comisión Técnica levará a cabo funcións de coordinación entre as tres institucións participantes no máster, de revisión de contidos, de revisión de regulamentos internos en materias nas que participen as tres institucións, de revisión e análise de convenios, e en xeral análise de aspectos técnicos que teñan relación co desenrolo do máster. Tamén levará a cabo funcións de asesoramento ás Comisións Académicas de cada universidade e as Comisións de Garantía da Calidade se o requiren.